



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579

E-mail: correo@frades.dicoruna.es

ANO 2024

EXPEDIENTE Nº: 2024/C004/000005

PROCEDEMENTO: **Informe de valoración de criterios avaliables mediante xuízo de valor: “PROXECTO TÉCNICO (25 puntos)”**.

ASUNTO: **Servizo de redacción de proxectos, direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.**

DOCUMENTO FIRMADO POR: **Mónica García Soage, Arquitecto municipal**

INFORME DE VALORACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DAS OFERTAS PRESENTADAS

Examinada a documentación presente neste Concello e de conformidade co disposto na Providencia da Alcaldía, emito o seguinte:

INFORME DE VALORACIÓN

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato administrativo de SERVICIO DE REDACCIÓN DE PROXECTOS, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO CONCELLO DE FRADES, establece para a valoración:

Criterios avaliables mediante xuízo de valor: Proxecto técnico (25 puntos). Organización e funcionamento do servizo.

Deberá incluír: sistema de coordinación e supervisión, organigramas, protocolos de seguimentos, contextualización do servizo, metodoloxía de prestación do servizo e sistemas de xestión, prazos de resolución de incidencias, tempos de resposta e dispoñibilidade.

A proposta deberá ser concreta e específica sobre a prestación do servizo, incidindo en prazos e frecuencia temporais, así como especificacións na prestación dos servizo, así como especificacións na prestación do servizo, seguindo a estrutura marcada e evitando xeneralidades e vagueades, das cales non serán obxecto de valoración se non están correctamente determinadas.

Para a valoración establecéronse os baremos que a continuación se indican, que dan como resultado as puntuacións obtidas. A puntuación máxima deberá expresarse en %.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579

E-mail: correo@frades.dicoruna.es

- Ofertas que presenten unha memoria moi completa e novidosa de conformidade cos parámetros fixados, ben definida e estruturada, metodoloxía moi completa. Proxectos moi completos e que teñan características diferenciais: Ata 100 %.
- Ofertas que presenten unha memoria completa de conformidade cos parámetros fixados, ben definida e estruturada, metodoloxía completa. Proxectos completos: Ata 65 %.
- Ofertas que presenten unha memoria suficiente de conformidade cos parámetros fixados, ben definida e estruturada, metodoloxía completa. Proxectos completos: Ata 30 %.
- Ofertas que presenten un programa e memoria deficiente: 0 %.

Seguindo estes baremos e unha vez analizados o diferentes puntos a valorar, compróbase que a única empresa que presenta documentación é ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S. A.

Dita empresa participante no proceso de licitación obtén a seguinte puntuación:

ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, S. A.: Oferta con memoria moi completa e novidosa de conformidade cos parámetros fixados, ben definida e estruturada, metodoloxía moi completa. Proxecto moi completo e que ten características diferenciais. 85 %: 21,25 puntos.

Polo tanto, examinada a documentación presentada, en función dos criterios contidos no Prego de Cláusulas Particulares, a valoración alcanzada é a que segue:

LICITADORES	Organización e funcionamento do servizo	TOTAL
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S. A.	21,25	21,25

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere.

E para que sirva aos efectos oportunos, emítese o presente informe e sen prexuízo de terceiros.

Frades, 16 de outubro de 2024

Asdo: Mónica García Soage

Arquitecto Municipal